

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 11/07/2022 e que literalmente transcrito di:

“**Asunto:** Recurso de reposición contra o acordo de aprobación das bases reguladoras para a cobertura de 2 prazas de traballador/a social, 1 praza de psicólogo/a, 2 prazas de orientador/a laboral e 3 prazas de educador/a social, con carácter de persoal funcionario en réxime de interinidade por execución de programas de carácter temporal (Programa de inclusión social)

Antecedentes

1) Tramitación do expediente; con carácter principal:

Orde de 06/09/2021 da Consellería de Política Social -DOG nº 180 do 17/09/2021- pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, susceptible de ser financiada con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS623C).

Informe e proposta de bases para a cobertura de 2 prazas de traballador/a social, 1 praza de psicólogo/a, 2 prazas de orientador/a laboral e 3 prazas de educador/a social, con carácter de persoal funcionario en réxime de interinidade por execución de programas de carácter temporal, relativa ao seguinte programa: **PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL** (Orde de 06/09/2021 da Consellería de Política Social -DOG nº 180 do 17/09/2021-).

Expediente: BS623C 2021/69

Programa dirixido á inclusión social da poboación xitana

Programa dirixido á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social

Programa dirixido a persoas sen fogar

Resolución de concesión de subvención para o financiamento deste programa, ao abeiro da Orde de 06/09/2021, de data 02/12/2021.

Providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi do 22/03/2022.

Bases asinadas pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi o 22/03/2022.

Informe-proposta de aprobación das bases reguladoras emitido o 23/03/2022 pola xefatura de servizo de Recursos humanos e Emprego.

Informe de fiscalización previa limitada de carácter favorable, emitido pola Intervención municipal o 31/03/2022.

Resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi do 04/04/2022 pola que se aproban as bases reguladoras, publicadas no BOP nº 71 do 13/04/2022.

2) O 20/04/2022 (RE n.º 2022021872), Miriam Rodríguez Sierra, en nome e representación do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, interpón recurso de reposición “*fronte as Bases que rexerán o proceso selectivo encamiñado á provisión de postos de traballo en réxime de interinidade por*

execución de Programas de carácter temporal ao abeiro do Plan de Inclusión Social no Concello de Ferrol, ditando no seu día Resolución pola que se declare a NULIDADE do apartado indicado da BASE OITAVA en virtude dos argumentos expresados no corpo do presente escrito”.

3) O 10/05/2022 a psicóloga municipal e a xefa de servizo da área de Benestar Social, servizo proponente dos criterios a incluír nas bases reguladoras do proceso selectivo, emiten informe en relación co referido recurso

4) O 27/05/2022 deuse trámite de audiencia aos interesados a través do portal web municipal, sen que no prazo de 10 días hábiles outorgado se presentasen alegacións.

Normativa aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Restante normativa de aplicación.

Con carácter supletorio:

- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado.
- Decreto 95/1991, do 23 de marzo, da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e á provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Demais disposicións que sexan de aplicación.

Consideracións legais e técnicas

1) Obxecto do recurso de reposición

O presente recurso diríxese fronte á resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi do 04/04/20022 pola que se aproban as bases reguladoras, publicadas no BOP nº 71 do 13/04/2022, concretamente contra un apartado da base oitava, relativo á diferente valoración da experiencia profesional nas distintas administracións públicas.

2) Concorrenza dos requisitos legais para a admisión do recurso

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos

administrativos que poñen fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPACAP).

Requisitos obxectivos

O art. 123.1 da LPACAP sinala que son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa, sendo estes, entre outros (artigo 114 LPACAP): *c) as resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico salvo que unha Lei estableza o contrario.*

Neste caso, o recurso presentado polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia., como xa sinalamos, dirixese fronte á resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi do 04/04/20022 pola que se aproban as bases reguladoras ara a cobertura de 2 prazas de traballador/a social, 1 praza de psicólogo/a, 2 prazas de orientador/a laboral e 3 prazas de educador/a social, con carácter de persoal funcionario en réxime de interinidade por execución de programas de carácter temporal, PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL, publicadas no BOP nº 71 do 13/04/2022, concretamente contra un apartado da base oitava, relativo á diferente valoración da experiencia profesional nas distintas administracións públicas

Os acordos das autoridades ou órganos inferiores que resolvan por delegación do alcalde, neste caso, da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi, poñen fin á vía administrativa, polo que o acto é susceptible de recurso de reposición (art. 52 da LRBRL).

Requisitos subxectivos

A LPACAP non establece requisitos especiais para recorrer en reposición polo que hai que estar ás regras xerais de lexitimación do artigo 4.1 LPACAP de modo que poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso.

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia ostenta lexitimación para a interposición do recurso, de acordo co establecido no artigo 4 LPACAP, en canto titular de dereitos e intereses lexítimos individuais ou colectivos que poden resultar afectados pola decisión que se adopte.

Ademais, de acordo co establecido no artigo 5 LPACAP, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia actúa a través de representante debidamente acreditado para a interposición recursos en nome e representación da sociedade.

Requisitos temporais

En último lugar, cabe sinalar que o recurso se interpón dentro do prazo sinalado no art.124 da LPAC (un mes, ao tratarse dun acto expreso), xa que a publicación da resolución que aproba as bases no BOP foi realizada o 13.04.2022 e o recurso presentouse no rexistro o 20.04,2020.

Por tanto, cabe concluír que o recurso non incorre en ningunha das causas de inadmisión establecidas no art. 116 da Lei 39/2015, polo que debe admitirse.

3) Órgano competente para resolver e prazo máximo para resolver.

A competencia para a resolución do recurso correspóndelle á concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi ao ser o órgano que ditou a resolución obxecto de recurso (artigo 123.1 LPACAP) en virtude da delegación xenérica conferida pola Alcaldía-Presidencia por resolución de data 8/07/2019 (BOP nº 137 de 22/07/2019), que abarca a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a da súa xestión, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, así como a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados polos órganos delegados.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes desde que o mesmo tivo entrada no rexistro electrónico do Concello de Ferrol, transcorrido o cal sen que se dite e notifique resolución expresa o silencio administrativo terá efecto desestimatorio (artigo 24.2 LPACAP), sen prexuízo do deber da Administración de ditar resolución confirmando ou non o sentido do silencio. Neste caso, o prazo para ditar e notificar a resolución finalizou o 20.05.2022 (arts. 21.3.b) e 30 LPACAP).

4) En relación co fondo do asunto:

A recorrente sinala principalmente o seguinte motivo de interposición do recurso:

“BASE OITAVA da Convocatoria, en relación ás prazas de Traballo Social, recolle no seu apartado A.2) como valoración da experiencia profesional na fase de concurso o seguinte: *“Valorarase a posesión de experiencia nos postos relacionados co traballo a desenvolver ata un máximo de 2 puntos. Por traballos realizados en Concellos e Mancomunidades como traballador/a social: 0,20 puntos por mes traballado. Por traballos realizados noutras Administracións como traballador/a social: 0,10 puntos por mes traballado. Por traballos realizados en Entidades de carácter social como traballador/a social: 0,05 puntos por mes traballado”*.

A argumentación xurídica principal do recurso é a seguinte:

“Resulta doutrina pacífica a afirmación de que non deben valorarse de forma distinta os servizos prestados se son obxectivamente idénticos, segundo a Administración de que se trate, o que determina a nulidade de pleno dereito por conculcar o artigo 23.2 da Constitución (Sentenza do TSX de 24 de outubro de 2002, Rec. 624/1998), criterio que continúa a liña xa establecida pola Sentenza do Tribunal Constitucional 281/1993 que considera inadmisíbel “diferenciar aos concursantes en función da Administración na que adquirisen determinada experiencia, e non partir da experiencia mesma con independencia do ente público na que se houbera adquirido”.

Así, a valoración debe ser idéntica se os servizos pertencen ao mesmo ámbito funcional e categoría, aínda en distinta Administración, nese sentido destacamos a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de 7 de decembro de 2002 (Rec. 1225/1999) e a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias de 27 de febreiro de 2003 (Rec. 811/2002)”.

Compártese con carácter xeral a argumentación xurídica da recorrente. Non obstante, dado que a valoración debe ser idéntica se os servizos pertencen ao mesmo ámbito funcional e categoría, enténdese, a sensu contrario, que si é posible outorgar unha valoración maior aos servizos prestados nunha tipoloxía de administración concreta (neste caso, concellos e mancomunidades -por igual-) se existe unha xustificación e motivación axeitada relativa a que o traballo realizado nas restantes administracións e/ou entidades privadas é substancialmente diferente, en canto o contido das súas funcións e categoría, do prestado na tipoloxía de Administración que se prima cunha maior puntuación no concurso de méritos, neste caso os servizos prestados en concellos e mancomunidades. So nese suposto podería outorgarse unha maior puntuación aos servizos prestados nunha tipoloxía de administración concreta con respecto a outras administración e tamén con respecto aos servizos prestados en empresas privadas ou entidades de carácter

social, é dicir, se se trata dunha experiencia “distinta” polo contido das súas funcións, non asimilable á prestada noutras administracións ou á prestada no ámbito privado, podendo existir tamén diferencias na valoración dos servizos prestados nestas dúas últimas se o contido das funcións é tamén diferente. O que non sería admisible, polo tanto, é establecer unha valoración diferente de servizos prestados que, dende o punto de vista obxectivo, sexan da mesma categoría e funcionalmente idénticos, en función da administración ou entidade na que se presten.

Polo tanto, esta é a cuestión principal, que debe determinar o sentido do recurso. Neste senso, deuse traslado do recurso á psicóloga municipal e da xefa de servizo da área de Benestar Social, servizo proponente dos criterios a incluír nas bases reguladoras do proceso selectivo, que que sinalan o seguinte no seu informe conxunto de data 10/05/2022:

“En atención á solicitude de informe cursada polo departamento de RRHH con relación ao recurso de reposición presentado polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia fronte á base oitava. das aprobadas, por decreto da concelleira delegada de RRHH do 22/03/2022, para a selección de persoal funcionario interino por execución de programas de carácter temporal (programa inclusión social), informo:

Que o obxecto do recurso presentado é a distinta valoración, con relación á praza de traballador/a social, da experiencia profesional en función da Administración ou entidade na que se obtivo a devandita experiencia .

Que os /as traballadores/as sociais seleccionados/as formarán parte, de xeito temporal, dos servizos sociais comunitarios do Concello de Ferrol e como tal desenvolverán funcións propias dos mesmos, dentro do programa para o que foron seleccionados/as.

Que o artigo 9 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia define os servizos sociais comunitarios como uns servizos de carácter predominantemente local, referenciados a un territorio e poboación determinados.

De acordo co exposto considérase axeitado outorgar unha maior puntuación á experiencia adquirida no ámbito da administración local, dada a similitude das tarefas a desenvolver, respecto da adquirida noutras administracións, nos que as tarefas son habitualmente distintas.

No que respecta á menor valoración da experiencia nas entidades de carácter social, obedece, ademais do anterior, ao sistema de acceso ás mesmas, nas que non se existe a concorrencia dos principios de igualdade, mérito e capacidade, que sí deben estar presentes nas administracións”.

Do anterior informe do servizo de Benestar despréndese que a diferente valoración dos servizos prestados en función da tipoloxía de administración ou entidade na que se prestaron e que se recolle nas bases impugnadas xustificase no feito de ser tamén distintas as funcións a desempeñar que, polo tanto, non poden considerarse obxectivamente como idénticas, o que avalaría que poida outorgárselles valoracións diferentes.

Por todo o exposto, **proponse** á concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi, en virtude da delegación xenérica conferida pola Alcaldía-Presidencia por resolución de data 8/07/2019 (BOP nº 137 de 22/07/2019), **a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado por dona Miriam Rodríguez Sierra, en nome e representación do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, contra a r resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi do 04/04/20022 pola que se aproban as bases reguladoras ara a

cobertura de 2 prazas de traballador/a social, 1 praza de psicólogo/a, 2 prazas de orientador/a laboral e 3 prazas de educador/a social, con carácter de persoal funcionario en réxime de interinidade por execución de programas de carácter temporal, PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL, polo motivos reflectidos na parte expositiva.

Segundo.- Notificar o acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

Este é o meu informe sen prexuízo da calquera outro mellor fundado en dereito.

Non obstante, vostede resolverá.”

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña,

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina a concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi mediante delegación conferida por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 08/07/2019 na Casa do Concello de Ferrol o día que figura na sinatura dixital

Dou fe,
O secretario xeral